

Entrar a unha Webex Meetings


Podemos entrar a unha reunión desde o seu ordenador, dispositivo móbil, teléfono ou sistema de vídeo. Vexamos a opción de usar o ordenador sen necesidade de instalar nada.

Usaremos a aplicación de escritorio Webex para entrar á nosa reunión desde o ordenador con Windows ou Mac.

Poderemos conectarnos usando audio e vídeo do PC, cambiar deseños entre as vistas de cuadrícula e orador activo, chatear e compartir contido.

Os pasos son os seguintes:

1. Abrimos a invitación por correo electrónico e facemos clic en entrar.



Invitación para la reunión de Webex de : PruebaPino Recibidos x

JOSÉ PINO VÁZQUEZ <messenger@webex.com>
para josepinovazquez

19:37 (hace 3 horas) ☆ ↶ ⋮

sept.
22
mar.

PruebaPino
[Míralo en Google Calendar](#)

Cuándo mar 22 de sept de 2020 19:45 – 20:45 (CEST)
Ubicación <https://eduxunta.webex.com/eduxunta/j.php?MTID=me200cd632607f2ba2b55064e50199fe9>
Participantes JOSÉ PINO VÁZQUEZ*


Sí Quizás No Más opciones

Agenda
mar 22 de sept de 2020

No hay eventos anteriores.

19:45	PruebaPino
21:00	proba


2. Se esta é a primeira vez que entramos a unha reunión de Webex, Webex descarga automaticamente a aplicación que nos permitirá conectarnos a videoconferencia directamente.



Nota: Pódenos levar a confusión se xa temos instalado o entorno de organizador de Webex, polo que é aconsellable seguir este manual seguindo os mesmos pasos e accedendo á reunión a través dos pasos que se indican.


3. Unha vez descargado o aplicativo, se é a primeira vez que entramos no aplicativo de Webex, amosarásenos unha pantalla de login ou de información. No caso de alumnado ou familias poderán introducir o seu nome e conta de correo –recoméndase usar a de **nonresponder@edu.xunta.gal**-, no caso de ser profesorado, poderán iniciar sesión coa súa conta de correo corporativo (co dominio .gal, non .es) aínda que como estamos a ver a parte de “participante” imos usala como se foramos un alumno poñendo o noso nome e apelidos e abaixo a conta de nonresponder.

4. Ao vir a través do correo electrónico, non se solicita a contrasinal, de solicitalo, introduciremos o contrasinal da reunión; atópase na invitación que recibimos correo electrónico e facemos clic en seguinte. No caso de estar a reunión sen iniciar, apareceranos a seguinte pantalla.



5. A continuación, podemos probar o audio, o micro e acceder á nosa vista previa. Todo esto antes de unírnos á reunión.





Por defecto aparecerá a configuración do audio (polo normal usando os altosfalantes do propio ordenador ou ben uns auriculares). Neste punto aconséllonos usar uns cascos con micro xa que melloran os ecos e a necesidade de ter que andar apagando micrófonos.

De maneira predeterminada, o micrófono e a cámara están desactivados. Os botóns de vídeo e micrófono están en vermello.



Para entrar co noso vídeo aceso, faremos clic en iniciar vídeo

Para entrar co noso micrófono activado, faremos clic en sen silencio

Posteriormente faremos clic en entrar á reunión.

6. Unha vez dentro apareceranos a sala de videoconferencia, as opcións son parte das que se ven na opción de organizador, polo toda esa parte a veremos no manual específico deste rol.